

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS, A TRAVÉS DO INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO, A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E A FUNDACIÓN GALICIA CONSTRÚE, CLÚSTER DA CONSTRUCCIÓN, PARA O IMPULSO DA CONSTRUCCIÓN INDUSTRIALIZADA EN GALICIA.

REUNIDOS

María Martínez Allegue, conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, en virtude das atribucións que lle confire o Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento (DOG núm. 73, do 14 de abril), na súa calidade de presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante, IGVS), segundo o artigo 4 do Decreto 143/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do devandito organismo (DOG nº 101, do 27 de maio).

María Jesús Lorenzana Somoza, en nome e representación da Consellería de Economía e Industria, na súa calidade de conselleira, segundo nomeamento recollido no Decreto 44/2024, de 14 de abril. Está facultada para este acto en virtude das facultades que lle confire o Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria (DOG nº 101, do 27 de maio).

E doutra parte, Diego Vázquez Reino, presidente da Fundación Galicia Constrúe, Clúster da Construción (en diante, Clúster), designado mediante escritura pública outorgada o 1 de decembro de 2022 ante o notario de Teo (A Coruña) Carlos Sebastián Lapido Alonso, co número 2.085 do seu protocolo.

As partes recoñécense, na calidade no que respectivamente interveñen, capacidade para o outorgamento do presente convenio e, para o efecto,

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- Que, de acordo co establecido na Lei 3/1988, do 27 de abril, correspóndelle ao IGVS a realización da política de solo e vivenda da Xunta de Galicia, co fin de garantir os dereitos constitucionais a unha vivenda digna e adecuada, especialmente para os sectores con menos capacidade económica.

De conformidade co artigo 4.1 s) da citada Lei 3/1988, do 27 de abril, entre as funcións do IGVS figura o estudo de novas tecnoloxías aplicadas á construción de vivendas, así como a inspección e o control de calidade dos edificios.

Así mesmo, o artigo 5.2 da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, sinala que o IGVS promoverá a correcta execución das edificacións e a calidade da construción.

SEGUNDO.- Que, con data 13 de xaneiro de 2025, o pleno do Observatorio da Vivenda de Galicia acordou a constitución da súa sección técnica, co obxecto de analizar e traballar nas medidas que se deben adoptar para o impulso da construción industrializada en Galicia. A dita sección está integrada, ademais de polo IGVS e o clúster, pola Axencia Galega da Industria Forestal (Xera); o Clúster da madeira; o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG); o Consello Galego de Arquitectura Técnica; a Escola Técnica Superior de Arquitectura e a Escola de Arquitectura Técnica.

Así mesmo, no citado observatorio propúxose a elaboración, polo IGVS e o clúster, dun plan de acción para o impulso da construción industrializada en Galicia que inclúa, cando menos, un mapa de capacidades da construción industrializada, un plan de fomento da industrialización e guías complementarias, que deberán ser analizados pola dita sección técnica.

TERCEIRO.- Que a Consellería de Economía e Industria é o órgano da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponde o exercicio, entre outras, de funcións en materia de promoción e dinamización da economía, impulso e coordinación da política económica e industrial, apoio ao sector empresarial e mellora da competitividade das empresas, incidindo no desenvolvemento



tecnolóxico e a innovación, na transformación dixital, na sustentabilidade e na internacionalización.

CUARTO.- Que o clúster nace en decembro da 2022, data na que se constituíu como Fundación Galicia Constrúe, Agrupación industrial da Construción para, tal e como indica no artigo 6 dos seus estatutos, promover e estimular o desenvolvemento e a mellora da competitividade do sector da construción de Galicia. A fundación declarouse de interese para a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico mediante Orde do 21 de marzo de 2023 (DOG Núm. 66, do 4 de abril de 2023) e ten por obxecto o desenvolvemento tecnolóxico, a innovación, a mellora da competitividade e a formación no sector da construción de Galicia. O desenvolvemento do obxecto fundacional poderá ser realizado directamente pola Fundación ou mediante colaboración con outras entidades, organismos, institucións ou persoas que contribúan á consecución dos fins fundacionais.

QUINTO.- Que, nestes momentos ten especial relevancia a construción orientada ao ámbito residencial, que obriga ao sector a encarar un reto importantísimo, tanto para axilizar a construción de novas vivendas que permitan incrementar a oferta e atender, deste xeito, ás necesidades de vivenda de moitos sectores da nosa sociedade, especialmente da mocidade, como no ámbito da rehabilitación.

Faise, ademais, imprescindible fomentar a modernización do sector, abordando os desafíos de sustentabilidade, eficiencia e competitividade que require o mercado actual. Esta modernización debe ter como base o impulso da construción industrializada, co obxectivo de reducir tempos e custos, mellorar a calidade, aumentar a trazabilidade e propoñer solucións que respondan ás demandas sociais e ambientais. Todo este proceso debe estar aliñado coas políticas públicas de creación de vivenda pública, rehabilitación de calidade e innovación tecnolóxica promovidas pola Xunta de Galicia.

SEXTO.- Que, conscientes destas necesidades, as partes consideran necesario sentar as bases para a paulatina incorporación de sistemas de construción industrializada nas obras de construción de vivenda na Comunidade Autónoma de Galicia, mediante

a elaboración dun plan de acción para o impulso da construción industrializada que constitúa a folia de ruta a seguir para a transformación do sector da construción, así como un plan director da industria da construción.

SÉTIMO.- Que, como consecuencia do anterior, o IGVS, a Consellería de Economía e Industria e o clúster consideran conveniente colaborar para a elaboración dos citados plans.

En virtude do anterior, as partes intervenientes acordan formalizar o presente convenio de colaboración, o cal se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración entre o IGVS, a Consellería de Economía e Industria e o clúster para a elaboración dun plan de acción para o impulso da construción industrializada en Galicia, que constitúa a folia de ruta a seguir para a transformación do sector da construción, así como un plan director da industria da construción.

SEGUNDA.- OBRIGAS DAS PARTES

1. En virtude do presente convenio, as partes asumen as seguinte obrigas:

1.1. Constituír dous grupos de traballo:

- Grupo de traballo I, con persoal do IGVS e o clúster, no que poderá darse entrada a outras entidades do sector da construción, aos colexios profesionais e á escola técnica superior de arquitectura de Galicia, para levar adiante as actuacións recollidas no punto 1.2 desta cláusula segunda.
- Grupo de traballo II, con persoal da Consellería de Economía e Industria, IGVS e o clúster, para levar adiante as actuacións recollidas no punto 1.3 desta cláusula



segunda.

1.2. Elaborar, a través do grupo de traballo I, e seguindo as propostas que poida realizar a sección técnica do Observatorio da Vivenda de Galicia, os seguintes instrumentos:

1.2.1. Mapa de capacidades da construción industrializada:

Trátase de identificar os recursos existentes en Galicia, incluíndo empresas, tecnoloxías e profesionais capacitados, para desenvolver un mapa de capacidades da construción industrializada, a través da seguinte estratexia:

a) Selección de subsectores:

- Prefabricados de formigón.
- Estructuras metálicas.
- Elementos modulares 2D, 3D.
- Madeira estrutural.
- Fabricantes de compoñentes e materiais para a industrialización

b) Busca de actores clave:

- Fabricantes de sistemas industrializados.
- Empresas constructoras e promotoras.
- Administracións públicas e reguladores.

Como resultado deste traballo, desenvolveranse as seguintes actuacións:

- Elaboración das fichas técnicas de familias de produtos e capacidades produtivas:
 - o Localización e distribución de plantas industriais.
 - o Capacidade de produción en función da demanda.
 - o Tecnoloxías e procesos empregados na produción.
- Creación dunha páxina web onde se poderá buscar fabricantes por familias de produtos, ver as de cada fabricante e as guías de cada familia, como soporte na fase de deseño.

1.2.2. Plan de fomento da industrialización:

Realizarase un estudo das actuacións necesarias para fomentar a industrialización,

analizando toda a cadea de valor, e proporase un modelo de impulso da construción industrializada. Para iso estudaranse as necesidades dos seguintes axentes:

a) Promotores, sector financeiro e aseguradoras:

- Análise da problemática relacionada co financiamento e aseguramento das obras industrializadas (certificacións en fase de fabricación e acopio, primas de seguros).
- Análise da problemática relacionada coa contratación, tanto no sector público como privado.

b) Fabricantes/integradores:

- Análise de necesidades e oportunidades de negocio en construción industrializada. Análise da oferta e da demanda.

c) Construtores:

- Estudo das problemáticas relacionadas coa licitación, planificación e xestión de obras con altos niveis de industrialización.

d) Diseñadores (Arquitectos, enxeñeiros):

- Estudo das problemáticas asociadas á falta de experiencia, nivel actual de dixitalización (xestión BIM), cambios modelo de xestión de obras, cambio no modelo de contratación.

e) Entidades públicas:

- Estudo das problemáticas asociadas ás barreiras legais e propostas de mellora.

f) Centros de formación e investigación:

- Estudo das problemáticas asociadas aos procesos formativos relacionados coa construción industrializada e ás necesidades de innovación e investigación en novos materiais, tecnoloxías, técnicas e procesos.

Posteriormente, como resultado da citada análise, desenvolveranse propostas que respondan ás preguntas e necesidades presentadas.

1.2.3. Elaboración de guías complementarias:

Desenvolveranse varias guías técnicas que sirvan de apoio para o modelo de fomento da construción industrializada na cadea de valor:

a) Guía de contratación de obras.

- Boas prácticas de deseño
- Figuras contractuais e modelos de fomento da industrialización
- Graos de industrialización

b) Guía de xestión de obras con altos niveis de industrialización:

- Metodoloxías e xestión de proxectos de construción industrializada
- Optimización loxística e montaxe de obra

1.2.4. Divulgación dos ditos documentos a través das súas páxinas web.

1.3. Elaborar, a través do grupo de traballo II, o plan director da industria da construción, en galego e castelán, e acompañar, ata a súa aprobación no Consello da Xunta, seguindo as directrices indicadas desde a Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético. Esta actuación implica a realización das seguintes tarefas:

- a) Revisión e proposta de actualización dos apartados iniciais comúns a todos os plans directores.
- b) Análise da parte sectorial do plan director da industria da construción, caracterizando a situación actual do sector e perfilando as tendencias de proxección a futuro.
- c) Organización de mesas e reunións con axentes sociais, empresas, entidades de referencia e asociacións sectoriais vinculadas coa industria da construción. Os participantes serán propostos polo Clúster e validados pola Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético, que poderá solicitar, á súa vez, a participación doutras entidades de interese para o sector. Esta información será traballada de xeito que se traten as diferentes prioridades sectoriais definidas nos plans directores: internacionalización, sustentabilidade, dixitalización, competitividade e innovación, investimentos, persoas, e infraestruturas e solo.
- d) Proposta de redacción do plan director, partindo da análise previa do sector e da información cualitativa xerada nas mesas de traballo e nas reunións con informantes clave. Nesta fase definiranse as prioridades sectoriais e a

relación de medidas solicitadas desde o sector para facer fronte a estas necesidades.

- e) Colaboración na investigación de instrumentos financeiros públicos, presentes e futuros que sirvan para apoiar a implementación das medidas recollidas no plan director.
- f) Preparación das mesas de traballo cos diferentes organismos da Xunta de Galicia con competencias en materias vinculadas coas medidas demandadas. Presentación de resultados, solicitude de información, e integración desta nos apartados do plan que fan referencia á definición de medidas, fichas, e marco económico-financeiro asociado.
- g) Revisión lingüística dos textos do plan director da industria da construción en galego e castelán e da súa documentación asociada. Esta revisión incluírá revisión ortográfica e gramatical, revisión de linguaxe non sexista e corrección de estilo.
- h) Maquetación do plan director da industria da construción en galego e en castelán, seguindo a liña gráfica prefixada desde a Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético.
- i) Traballos complementarios que deben realizarse para a aprobación do plan no Consello da Xunta de Galicia. Esta actuación supón a realización de tarefas como a preparación de documentos executivos, tratamento das alegacións e realización de memorias, e organización e preparación da información económica.

2. En particular, o IGVS asume as seguintes obrigas:

2.1. Designar as persoas que, en representación do IGVS, formarán parte do grupo de traballo I definido no apartado 1.1 da cláusula segunda.

2.2. Coordinar as tarefas do grupo de traballo I, dar as directrices que estime oportunas e dirixir os traballos de elaboración do mapa de capacidades produtivas, do plan de impulso da construción industrializada e das guías complementarias.

2.3. Dar a súa conformidade, antes da divulgación dos citados documentos.

2.4. Divulgar os ditos documentos a través das súa páxina web, así como a través da



organización e/ou participación do seu persoal en conferencias, webinaros ou xornadas técnicas.

3. En particular, a Consellería de Economía e Industria asume as seguintes obrigas:

3.1. Designar ás persoas que, en representación da citada consellería, formarán parte do grupo de traballo II definido no apartado 1.1 da cláusula segunda.

3.2. Colaborar no desenvolvemento do plan director da industria da construción.

3.3. Financiar o 100% da actividade 1.3 recollida na cláusula segunda.

3.4. Supervisar que as actividades do grupo de traballo II sexan desenvolvidas de acordo coas estipulacións do presente convenio e ditar as instrucións que se estimen precisas para a referida colaboración.

4. En particular, o clúster asume as seguintes obrigas:

4.1. Designar as persoas que, en representación do clúster, formarán parte dos dous grupos de traballo definidos no apartado 1.1 da cláusula segunda.

4.2. Elaborar, en coordinación co IGVS e baixo a súa dirección e conformidade, o mapa de capacidades da construción industrializada, o plan de fomento da industrialización e as guías complementarias.

4.3. A divulgación dos documentos citados no punto anterior a través da súa páxina web.

4.4. Colaborar coa Consellería de Economía e Industria e co IGVS no desenvolvemento do plan director da industria da construción.

TERCEIRA.- PROPIEDAD DOS INSTRUMENTOS E DA DOCUMENTACIÓN

1. A propiedade dos instrumentos que xurdan como consecuencia do grupo de traballo I serán de titularidade compartida entre o IGVS e o clúster.

2. A propiedade da documentación xerada como consecuencia da execución das actividades realizadas no grupo de traballo II será compartida pola Comunidade Autónoma de Galicia e polo clúster, sen prexuízo de que a súa xestión a desenvolva a Consellería de Economía e Industria, ben por si ou en colaboración co clúster.

CUARTA.- FINANCIAMENTO E XUSTIFICACIÓN DO GASTO

Para o desenvolvemento das actuacións previstas no punto 1.2 da cláusula segunda o IGVS achegará, para sufragar parte do custo das obrigacións derivadas do cumprimento deste convenio, a cantidade máxima (IVE incluído) de 275.492,47 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 11.81.451A.640.0 para 2025 e 2026, conforme á seguinte desagregación:

- Mapa de capacidades da construción industrializada: 171.136,31 euros, IVE incluído, con cargo á anualidade 2025.
- Plan de fomento da industrialización: 56.142,31 euros, IVE incluído, con cargo á anualidade 2026.
- Guías complementarias: 48.213,85 euros, IVE incluído, con cargo á anualidade 2026.

Para o desenvolvemento das actuacións previstas no punto 1.3 da cláusula segunda a Consellería de Economía e Industria achegará a cantidade máxima de 60.000 euros (IVE incluído), con cargo á aplicación orzamentaria 09.02.732A.640.8 para os anos 2025 e 2026, conforme á seguinte desagregación: 50.000 euros no 2025 e 10.000 no 2026. Ditos importes serán aboados nos seguintes termos:

- O pago de 50.000 euros no 2025 virá condicionado á realización das tarefas recollidas no punto 1.3 da cláusula segunda letras a), b), c), d), e) e f).
- O pago de 10.000 euros no 2026 virá condicionado á realización das tarefas recollidas no punto 1.3 da cláusula segunda letras g), h) e i).

As actuacións deberán estar finalizadas nos seguintes prazos, a partir da sinatura deste convenio:

- 9 meses para o mapa de capacidades, con data límite 15 de decembro de 2025, (actividade 1.2.1),
- 21 semanas para o plan de impulso da construción industrializada (actividade 1.2.2)
- 18 meses para as guías complementarias, con data límite 31 de decembro de 2026 (actividade 1.2.3), e
- 10 meses para colaborar na elaboración do plan director da industria da construción (actividade 1.3).



Tanto o plan de impulso da construción industrializada como as guías complementarias iniciaránse en xaneiro de 2026.

As actuacións xustificaranse mediante a presentación da correspondente certificación de cumprimento das actividades e dos gastos deste convenio, debidamente desagregados por concepto e importe efectivamente pagado, de ser o caso, sen que a compensación que perciba o clúster poida, en ningún caso, superar o importe dos gastos nos que incorra.

O clúster realizará a xustificación mensual do gasto asociado ao persoal propio e xustificacións finais pola finalización e facturación de tarefas encargadas a expertos externos. Así, de xeito mensual, achegarase un informe de execución no que se indiquen as horas traballadas e as tarefas levadas a cabo polo equipo de traballo interno. Do mesmo xeito, á finalización dos encargos feitos aos expertos externos, achegarase unha descrición de dito traballo e o custo do mesmo, incorporando estas xustificacións á do mes en curso.

En todo caso, as xustificacións deberán presentarse antes do 15 de decembro da anualidade á que correspondan.

De conformidade co previsto no artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público, o aboamento do gasto por parte do IGVS e da Consellería de Economía e Industria realizarase unha vez emitidas por parte do clúster as correspondentes facturas electrónicas para cada anualidade.

QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constitúese unha comisión de seguimento, integrada por tres representantes por parte do IGVS e da Consellería de Economía (dous representantes do IGVS e un da Consellería de Economía e Industria) e tres representantes do clúster, que será presidida pola persoa que designe o director do IGVS, para a adecuada coordinación, seguimento, avaliación e cumprimento do convenio. Esta comisión reunirse a petición de calquera das partes. Ante unha petición de reunión por escrito dunha das dúas partes, a mesma deberá producirse nun prazo non superior a 15 días naturais.

As funcións da comisión de seguimento serán as seguintes:



- Efectuar o seguimento do grao de cumprimento dos obxectivos do presente convenio, así como dos compromisos das partes.
- Resolver as controversias que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio.

SEXTA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio estará vixente dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2026.

SÉTIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

Serán causas de resolución do convenio as seguintes:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- O acordo unánime das partes asinantes, manifestado por escrito.
- A imposibilidade legal ou material de continuar co obxecto do convenio.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

O incumprimento das obrigas determinará a restitución das cantidades percibidas ata ese momento ou, no seu caso, ao abono dos importes polos traballos desenvoltos ata esa data.

OITAVA.- RÉXIME XURÍDICO.

O presente convenio ten carácter administrativo, rexéndose polas súas cláusulas e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Para estes efectos, non lle será de aplicación a lexislación de contratos do sector público, conforme ao disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación supletoria dos principios da lei para resolver as dúbidas ou lagoas que se puideran presentar.

Dada a natureza xurídico pública do presente convenio, as controversias que puidesen xurdir na aplicación do convenio serán resoltas pola xurisdición contencioso administrativa.

NOVENA.-PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS.

De conformidade co establecido no artigo 14 e seguintes da Lei 19/2013, de 9 de

decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e no artigo 29 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes do convenio manifiestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no presente convenio e demais especificacións contidas no mesmo poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As partes comprométense a tratar os datos persoais que foran postos no seu coñecemento unicamente coa finalidade e alcance de executar o establecido no presente Convenio, respectando os requisitos establecidos no Regulamento (UE) 2016/679 do parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos, en diante, RXPD) e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa concordante na materia

DÉCIMA.- DIVULGACIÓN DA EXISTENCIA DESTE CONVENIO.

As partes poderán participar na promoción, divulgación e difusión das actividades e dos resultados obtidos coma consecuencia da execución deste convenio mediante a correspondente publicación nas súas páxinas web e demais medios de comunicación.

En proba de conformidade, asínase o presente convenio na data sinalada na sinatura electrónica.

Polo Instituto Galego da Vivenda e Solo,
María Martínez Allegue

Pola Consellería de Economía e Industria,
María Jesús Lorenzana Somoza

Pola Fundación Galicia Constrúe, Clúster da Construción,
Diego Vázquez Reino